

CONMEMORAMOS O DÍA DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

Os nenos e nenas de 6º de Primaria participaron no concurso da constitución. Cada ano a subdelegación do goberno convoca este certame para que todos traballemos a carta magna e coñezamos máis dela. O noso alumnado participou desde a modalidade de debuxo reflexando a temática deste ano *"Liberdade e igualdade"*.

Despois de traballar a temática proposta, en grupo coa axuda de Ana Paula, a mestra de plástica, nenos e nenas puxéronse a debuxar de forma individual o que días despois mandaríamos coa ilusión de participar e a esperanza de que algún acabase seleccionado.



O Domingo 6 de Decembro, Ana Borrajo Fernández recollía, no auditorio Ourense, acompañada pola súa nai, a súa titora e unha compañeira da clase, o premio por ser seleccionado o seu debuxo como un dos mellores pola súa técnica, expresividade e intensidade na cor.

Para os gañadores de Primaria o obsequio consistía nunha cámara dixital.

¡Horaboa Ana!



ANA

PAULA